

HERBERT MARCUSE (1898-1980). EROS E CIVILIZACIÓN (1953).

ANTES DE ABORDAR A TESE PRINCIPAL DESTA OBRA MARCUSIANA, TEMOS QUE PARTIR DE **FREUD** E DA SÚA OBRA **O MALESTAR NA CULTURA** (1930).

FREUD CONSIDERA QUE A **REPRESIÓN** DAS **PULSIONS INNATAS** DO INDIVIDUO HUMANO XERA FRUSTRACIÓN E PODE SER A CAUSA DE PATOLOXÍAS MENTAIS. PERO CONSIDERA QUE ESTA REPRESIÓN É NECESARIA COMO CONDICIÓ DE EXISTENCIA DA **CIVILIZACIÓN**, POIS SÓ EN SOCIEDADE O SER HUMANO PODE SATISFACER AS SÚAS **NECESIDADES PRIMARIAS** (LIGADAS Á SUPERVIVENCIA: NUTRICIÓN, COBIXO, PROTECCIÓN, ETC.). FREUD EMPREGA O TERMO GREGO "**ANANKE**" (RECOLLIDO DA MITOLOXÍA E FILOSOFÍA GREGAS) E O CONCEPTO ALEMÁN "**LEBENSNOT**", QUE INDICAN A **ESCASEZA** OU **PENURIA** NA QUE TRANSCURRE A EXISTENCIA HUMANA. PARA O SER HUMANO RESULTA VITALMENTE IMPRESCINDIBLE A ATENCIÓN ÁS **NECESIDADES BÁSICAS**. POLO TANTO, NON PODEMOS PRESCINDIR DA CIVILIZACIÓN, E ESTA SÓ SE PODE MANTER MEDIANTE A REPRESIÓN DOS INSTINTOS, QUE PERMITE ATENDER ÁS NECESIDADES HUMANAS POR MEDIO DO **TRABALLO**. A CIVILIZACIÓN IMPÓN A MODIFICACIÓN REPRESIVA DOS IMPULSOS HUMANOS PRIMARIOS BAIXO O **PRINCIPIO DE REALIDADE**: O INDIVIDUO NON PODE BUSCAR A GRATIFICACIÓN INMEDIATA DAS SÚAS PULSIÓNS BÁSICAS, TEN QUE APRENDER QUE NON PODER VIVIR BAIXO O **PRINCIPIO DE PRACER**.

FREUD MATIZA, AO FINAL DO LIBRO, O PLANTEXAMENTO INICIAL DE QUE A CIVILIZACIÓN SÓ É SOSTIBLE MEDIANTE A REPRESIÓN DAS PULSIÓNS INSTINTIVAS. EFECTIVAMENTE, CHEGA A AFIRMAR QUE DAS DÚAS PULSIÓNS VITAIS DO ANIMAL HUMANO, SÓ **TÁNATOS** (E NON EROS) É INCOMPATIBLE COA VIDA EN SOCIEDADE; INCLUSO CHEGA A AFIRMAR QUE **EROS**, COMO IMPULSO LIBIDINAL DE UNIÓN OU COMUNIÓN COS DEMAIS HUMANOS, AFIANZA E PROFUNDIZA O **PROCESO CIVILIZATORIO**.

ESTA LIÑA DO PENSAMENTO DE FREUD É A QUE PLANTEXA E DESARROLLA **HERBERT MARCUSE** NO SEU LIBRO **EROS E CIVILIZACIÓN** (1953). MARCUSE REFLEXIONA SOBRE A POSIBILIDADE REAL, E NON SIMPLEMENTE UTÓPICA, DUNHA **SOCIEDADE NON-REPRESORA** DA VIDA SEXUAL.

MARCUSE CONSIDERA QUE CABE FACER UNHA INTERPRETACIÓN DE FREUD NA QUE RESULTA COMPATIBLE A CIVILIZACIÓN COA **LIBERACIÓN** DOS **INSTINTOS** E A **SATISFACCIÓN** DAS **NECESIDADES**, UNHA **CIVILIZACIÓN NON-REPRESIVA**.

UNHA DAS DISTINCIÓNS CONCEPTUAIS CLAVE SOBRE AS QUE MARCUSE SUSTENTA AS SÚAS TESES EN **EROS Y CIVILIZACIÓN** É A DIFERENZA ENTRE A **REPRESIÓN BÁSICA**, UN CONTROL MÍNIMO E NECESARIO SOBRE OS INSTINTOS QUE FAI POSIBLE A VIDA EN SOCIEDADE, E A **REPRESIÓN EXCEDENTE OU SOBRANTE**, QUE NON BUSCA FACER VIABLE A VIDA EN SOCIEDADE, SENÓN EXERCER UN DOMINIO DUNHAS CLASES SOCIAIS (DOMINANTES E OPRESORAS) SOBRE OUTRAS CLASES SOCIAIS (DOMINADAS E OPRIMIDAS).

MARCUSE ARGUMENTA QUE SE PODE ABOLIR OU SUPRIMIR A **REPRESIÓN SOBRANTE**, ESTABLECIDA COA FINALIDADE DE **DOMINIO** DUNS GRUPOS HUMANOS SOBRE OUTROS, SEN DISOLVER A CIVILIZACIÓN (XA QUE MANTÉNSE UN MÍNIMO DE REPRESIÓN BÁSICA PARA GARANTIZAR A PERMANENCIA DA SOCIEDADE). A POSIBILIDADE HISTÓRICA DUNHA CIVILIZACIÓN COMPATIBLE CON EROS COBRA REALIDADE E FORZA ÁS ALTURAS DA ÉPOCA EN QUE MARCUSE ESCRIBE ESTA OBRA. CONSIDERA QUE EXISTEN AS CONDICIÓNS FAVORABLES PARA UNHA **CIVILIZACIÓN NON-REPRESIVA** DENTRO DA **SOCIEDADE INDUSTRIAL AVANZADA**. A **AUTOMATIZACIÓN DO TRABALLO** E A **REDUCCIÓN DO HORARIO LABORAL**, PERMITIRÍAN A **REORGANIZACIÓN DO TRABALLO SOCIAL**, DE TAL MODO QUE A ACTIVIDADE PRODUTIVA NON FOSE UNICAMENTE UN TRABALLO REPRESIVO, OBRIGATORIO COMO MERO MEDIO DE SUBSISTENCIA. ADEMAIS, ESTA **NOVA FORMA DE ORGANIZAR A PRODUCCIÓN** OFRECE UN MAIOR **TEMPO DE LECER**, QUE ABRIRÍA AS PORTAS A UN LIBRE DESARROLLO DA PERSONALIDADE.